

Día das
Letras Galegas

Xosé María Álvarez Blázquez, 2008

Xosé María Álvarez Blázquez principia os estudos de maxisterio en Pontevedra, estudos que desenvolvera entre 1931 e 1934. É un mozo de apenas dezaseis anos que se insire nun ambiente especialmente rico culturalmente como era o da Pontevedra do período republicano, que vivía un dos momentos máis plenos da cultura galega do século XX, no que participaron algunhas das nosas máis grandes figuras nos ámbitos literario, político, artístico ou económico; nomes como Ramón Cabanillas, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Valentín Paz Andrade, Alexandre Bóveda, etc, son en por si sinais da importancia e relevo da vida social, cultural e política desa altura.

Para a literatura galega Pontevedra era a cidade de Luís Amado Carballo, un dos renovadores da poesía galega de anteguerra, que nos anos vinte escribiu a súa obra literaria para falecer con apenas vinte e seis anos. Amado Carballo foi un poeta que xogou un papel central na renovación da poesía galega de preguerra, momento no que a literatura galega toma o pulo que a levará de maneira definitiva a consolidar un espazo literario propio (péñese na prosa do grupo Nós ou na poesía da xeración de Amado), en definitiva é o mo-

Tempos de *Cristal*

Na Pontevedra de
Álvarez Blázquez

CARLOS L. BERNÁRDEZ

mento da afirmación dunha literatura nacional emerxente que tenta superar as limitacións herdadas desde o Rexurdimento decimonónico.

Pontevedra tamén foi a cidade onde uns mozos elaboraron a revista *Cristal* e levaron a Federico García Lorca na súa visita á cidade en 1932, un Lorca que sobre unha das mesas de mármore do Café Moderno –toda unha institución na cidade–, escribiu un soneto que regalou ao poeta Xosé María Álvarez Blázquez e que sería publicado ese mesmo ano na revista *Cristal*; Xosé Filgueira Valverde lembrou o feito no seu libro V Adral:

“Cos membros do “Comité” (refírese ao comité de recepción de Lorca) axuntáronse, para agasallalo e para escoitalo, os rapaces da xeración da revista poética “Cristal” Martínez Herrera, Virxilio Nóvoa, Vidal Martínez, Lois, “Turiñas”, Pintos, Xosé María Álvarez Blázquez, Alejandro de la Sota que o saudarían no número 5 da publicación “con toda la capacidad de las almas jóvenes”, que lograrían escribirse para ela, nunha mesa do café Moderno, o soneto “Yo sé que mi perfil será tranquilo” e o galano do poema tristeiramente premonitorio “Asesino” que saíu en “Poeta en Nueva York”

Para o mozo e futuro escritor que era Álvarez Blázquez estes primeiros anos da República serán o tempo das iniciais inxerencias literarias e políticas que o levarán a ingresar na Federación de Mocidades Galeguistas, organización xuvenil do Partido Galeguista. Cómpre salientar que nesta época coñece a Alexandre Bóveda que en 1930 casara coa filla de Xerardo Álvarez Limeses Amalia Álvarez




Portada da revista *Cristal*.

S MOZOS DE
CRISTAL
RECIBIRON A
GARCÍA LORCA
EN 1932

Gallego. Bóveda era xa figura destacada do Partido Galeguista. Nese contexto hai que situar a publicación de textos como *Berro arredor dos herois de Carral*, editado pola Federación de Mocidades Galeguistas e no que o escritor manifesta un rexo compromiso político ao evocar os mártires do pronunciamento de 1846. Tamén desta altura o primeiro e adolescente libro de versos de Xosé María *Abril* (1932), escrito en castelán. Igualmente neste ambiente hai que entender a súa amizade co poeta Xoán Vidal Martínez; co que funda a devandita revista

Cristal, unha publicación que chegará até os dez números entre xullo de 1932 e maio de 1933. É interesante constatar cómo Xosé María Álvarez Blázquez, practicamente un adolescente, participa nun proxecto de renovación poética de importancia dentro do contexto da literatura galega. Para entendermos o ambiente no que se desenvolven fenómenos como este debemos ter en conta que as revistas literarias son un elemento singular e característico dentro da renovación poética galega; nos anos vinte destacan, entre outras, *Ronsel e Alfar* e nos trinta, *Yunque, Resol, Cristal* ou *Papel de color*. En *Cristal* ten aínda moito peso a tradición, idealista e un chisco romántica, sen que falten poetas que tenten reflectir a “enxebreza”, isto é, o carácter fundamente galego e ao tempo certo “senso de novidade”, por usarmos expresión deste tempo, ou dito con outras palabras unha moderada renovación formal e léxica que dota os poemas de certa modernidade.

Neste contexto, na revista pontevedresa Xosé María publica até doce poemas, dous deles serán logo incorporados ao seu libro *Poemas de ti e de min*, volume publicado moito tempo despois e en circunstancias políticas e culturais ben diferentes, concretamente no ano 1949. Con *Cristal*, Álvarez Blázquez entra de cheo no mundo literario galego, nomeadamente no poético, un mundo ao que sempre permanecerá fiel, e ao tempo asenta o seu compromiso ético co país. Dúas fidelidades que xa nunca o abandonarán e que serán os alicerces do seu proxecto vital e cultural, que superará as duras probas ás que a vida o someterá ao longo do tempo.



IRINDO
Arla, La Florida, 30 - Barro
986211212
www.irindo.com
admiracion@irindo.com

NOVIDADES